

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2019

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN

Aberración ética e límite nas letras. O conto de Arlandier e Liesa

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

*Aberración ética e
límite nas letras.
O conto de
Arlandier e Liesa*

**Na memoria de
Carlos Martínez Barbeito**

Nunha franxa indecisa entre o noso Trescentos e o noso Catrocentos situamos dous grandes vultos poéticos, orixinarios ambos deste Padrón que é vila literaria onde as haxa. Un é Macías o Namorado; outro, Juan Rodríguez del Padrón ou de la Cámara. Citaremos este segundo, pola breve, como Cámara. Macías é un dos derradeiros poetas medievais en lingua galega. Cámara, o primeiro escritor de Galicia que non quixo usar da súa lingua aínda que lle renxían verbas como *doña* por “dueña” e *trabar* por “morder”. Misérrimas da castrapización que sobrevive aínda en Galicia! Cámara é coma o condestable don Pedro de Portugal

Hai un Macías trovador real e un Macías fabricado en lenda. O real escribiu uns versos nos que se presenta el mesmo como un can doente. Existe unha tradición que, atrevidamente, fai remontar o tópico até o provenzal Peire Vidal, tan ben iluminado por Darío Xohán Cabana. *Can rabioso é cousa brava / do seu señor sei que traba*. Concorre en Macías a rareza de ser o só poeta galego capaz de introducir nos seus versos un treito en arameo. Co cal, alpeira moito, e mesmo funda, as relacións, que aínda existen, entre Herbón e o universo cultural semítico. Ou polo menos diso nos fala Henry R. Lang.

Disque Macías foi asasinado polo marido da súa amiga, co cal pasou a se converter en mártir reverenciado e prototipo do amor adulterino, ou fino amor que Gaston Paris batizou a principios do século XX como “Amour Courtois”.

Xosé Luís Méndez Ferrín

Macías foi un Tristán que non dou atopado o seu Wagner, segundo comenta Valbuena Prat, sempre tan xeneroso e galeguista. E ben, o relato de morte de Macías aparece moito na literatura. De primeiras xa na obra de Cámara, e logo nas letras casteláns do seu chamado Século de Ouro e no romanticismo. Resalta a figura de Macías nun romance e nun drama de Mariano José de Larra.

Antes falei do can doente na poesía de Macías. Semella que o seu viciño e admirador Cámara o imita un pouco, a non ser que fosen ambos ventar o tema no lobo de Peire Vidal. Escribe uns versos terribéis, Cámara, que sorprenderon o sabio liberal-consergador Marcelino Menéndez y Pelayo. Di Cámara (ou Padrón), facéndose o can por mor dos amores desgrazados, agora en castelán con algunha reminiscencia que nos fai cheirar o angazo: *Ham, ham: huid, que rabio...* Martínez Barbeito mirou nestes versos unha amósega da tendencia galega á licantrópía que el mesmo, basándose no formoso caso de Allariz, levou á novela.

Pero nin Macías, nin Cámara, nin Peire Vidal foron para nada lobishomes. Sexa verdade ou fábula padronesa moi estendida, Cámara peregrinou a Xerusalén (non a Compostela) e terminou (por desencontro de amores máis ou menos cortesés) de frade en Herbón, no val de Iria a un lado. É bárbaro de ver que Cámara viaxou (e se instruíu) como criado do cardeal Xohán de Cervantes e que Miguel de Cervantes, moitos anos despois, había facer o propio ao servizo do non menos cardeal Acquaviva. Nada hai de cervantino, tamén sería boa, na obra narrativa de Cámara ou Padrón... Fragmentos de mitoloxema configuran un mosaico no retrato de Cámara. El plantaría a primeira palmeira no convento de Herbón e introduciría alí en Carcacia os pementos minúsculos. Palmeiras e pementos procedían, coma o arameo de Macías, de Palestina e Siria.

Pasados moitos anos (anos coma area) Ramón Otero Pedrayo, exiliado na súa propia terra, escribiu unha densa novela sobre a vida de Xohán Rodríguez do Padrón ou da Cámara: *Las palmas del convento* (1941). Podemos evocar os tempos de Cámara e Macías lendo as páxinas da novela de don Ramón nas arruínas de Santa Mariña d'Ozo en Cambados ou ben na aula capitular do convento de Oseira, que imita en pedra un palmeiral. Mercedes a Fernández Rei polas enfilacións arcaicas.

Cámara, alén de poeta presente en todos os cancioneros casteláns do século XV, foi un prosista, nesta mesma lingua: abundancial e con tendencia moi acentuada ao relato fantástico relacionado co romance de Cabalaría. Escribiu varias obras, mais consideraremos apenas unha delas; extraordinaria: *Siervo libre de amor*. En realidade, imos sacar agora á vista unha “*noveliña*” que aparece dentro desta obra e que ten como título o seguinte: “Historia de los amantes Ardanlier e Liesa”. Tense dito que Cámara segue, neste texto sorprendente, o camiño marcado pola Fiammeta de Boccaccio. Se cadra Xohán Rodríguez da Cámara, debéra ser considerado como un autor distinto a todos os seus contemporáneos e, en certos aspectos, sen antecedentes coñecidos: único. Veleiqué o relato actualizado en galego.

Ardanlier, fillo do rei Croes de Mondoya, amaba moito Liesa, filla do señor de Lira. Ela sentía “ardor venéreo” por el, que fuxiu levándoa consigo un día co bater de asas dos primeiros galos. Foxen cargados cun tesouro e acompañados por Baudin, escravo de Liesa, e mais polo aio de Ardanlier, de nome Lamidoras. Alí os van, vestidos de Damasco, saias de Borgoña. Ostentan bastidores coa divisa LEULEY DE BLANEY broslada con letras de puntas sangrantes.

Tempo atrás. Ardanlier fora requestado de amores na corte do rei de Franza pola infanta Irena. Ardanlier amaba Liesa, pero amou tamén Irena. Esta mandou obrar un cadeado de ouro e pedraría. Entregoulle a chave do cadeado a Ardanlier. Pediulle así ser ela a súa prisioneira até que o señor da chave a librase. Con consentimento de Liesa, Ardanlier e Irena coñecéronse, e a infanta recibiu *franca dádiva de desexada paz*.

Partidos con licenza de Irena, outorgada esta con dificultade, Ardanlier e Liesa correron as catro partes do mundo e visitaron a corte do Emperador. Foron dar finalmente á terra de Iria, que é onda o Océano e na aba dunha montaña *desesperada*. Por alí está a alta Cristalya, que garda a vieira de albo cristal. Trátase da cidade de Venera que xace nos fins da pequena Franza, chamada Galicia, que é o cuarto reino do rei de España. Aló acougaron Ardanlier e Liesa.

Xeométricos sotís construíron para eles un pazo secreto onde se amar e se ocultar. Pero velaí que Croes de Mondoya vagaba polo mundo, furioso, en procura do seu fillo amadísimo. Foi este rei vivir a Venera e facía cazata a unha legua do pazo escusado dos amadores. E viu no bosco tres cans coas bocas ensangrentadas co sangue dun animal salvaxe Dayne, que é gamo, o cal Ardanlier matara. Ardanlier traguía o animal á garupa, por iso o cabalo dáballe couces ao ar. O rei, cos seus, seguiu o rastro dos cans e foi dar co lugar secreto. Alí estaban Liesa e Lamidoras, o aio, que, ao miraren o rei Croes, caíron de xeonllos. O rei de Mondoya encolerizouse. Dixolle a Liesa: *Treidora, que me roubaches o meu fillo único e me fixeches viúvo del*. Esgrimiu Coes a espada contra Liesa, que choraba e suplicaba piedade. *Piedade, porque eu levo un neto voso nas entrañas*, dicíalle Liesa ao rei Croes. El acúsaa de lle levar o fillo lonxe del, a aquelas *grotas* e aquelas *concavidades*.

Non sexas carniceiro do teu propio sangue, dille Liesa. O infamado coa espada atravésalle o corpo a Liesa polo meo da criatura, furioso porque Ardanlier o trocase por ela. Logo xa lle esixe ao aio Lamidoras que lle leve Ardanlier a Venera onda el. E, vendo que a punta da espada sobresa da outra parte do corpo de Liesa, tinta en sangue, deixa estar alí a arma, na abertura da forte chaga. Croes e a súa compañía, a todo galopar, vanse pola montaña.

É chega Ardanlier co gamo Dayne. Ao ver Liesa traspasada, cae sen sentido. Logo acorda e faille o pranto á morta. Lamidoras é ameazado de morte por Ardanlier, pero o aio vaille contando a verdade do crime. Ardanlier non vai a Venera e escribe dúas cartas. Unha para a filla do rei de Franza, Irena, que Lamidoras deberá levarlle xunto coa chave preciosa daquel cadeado da prisión

de amor, cinto de castidade, cárcere de amor. Na epístola dille a Irena: *sé libre: Lamidoras contarache a sorte do teu carcereiro*. E conclúe: *cando termine esta carta o sangue será verquido*. Chámalle *desexada* a Irena e confesa que sempre ardeu de “intrínseco” amor por ela. Logo Ardanlier escribiu máis unha carta: para o rei de Hungría e Emperador a fin deste ser sabedor do acontecido.

Xa Ardanlier se bota contra o corpo de Liesa e mete contra o seu propio corazón a punta da delgada espada que sobresaía. Entregou con grande queixa o seu espírito. Están os dous amantes mortos e unidos pola espada. Daquela céibanse os cabalos da casa, as aves deixan as alcándaras e os cans arrodean os corpos. Berros do aio, rinchos, ouveos, esgutíos, aletexos das aves: *o mundo pensou de fenecer*.

Lamidoras pon as misteriosas empresas dos amantes ao revés coa espada tinta en sangue no medio. Chama por Baudin e, nun mes, estaban en París, vila maior á que chegaron nas festas do 1º de maio. Pero ao saberen os principais o caso das mortes, cesaron as celebracións. Irena arríncase o cabelo de ouro e arrabuña a face. Fai o pranto por Ardanlier e por Liesa: o triángulo.

Irena promete fundar un convento de donas ao servizo de Vesta, e mais ir ao pazo soterrado e convertelo en sepulcro e templo en honor dos dous amadores. A compañía de mulleres enloitadas e Irena estarían gardando os sartegos até morreren. Irena pediulle a Baudin que lle amosase o camiño ao lugar onde foran as mortes. Lamidoras parte entón cara Coloña, en procura do emperador. Entrégalle a este a epístola ou breve que Ardanlier lle escribira antes de se tirar a vida.

Fóra de si, o Emperador rachou as tres coroas e o cetro. Esgazou as vestes. Eloxiou con elocuencia os méritos de Ardanlier, quen tanto o axudara contra o mau rei de Poloña, e que outros servizos lle prestara. Tinxiu de preto a aguiá imperial, póndoa coma ela é hoxe, que antes ardía en flamas. O emperador escíbelle a Croes de Mondoya un pregón de infamia e de inimizade. Decláralle a Croes a guerra a morte por todo o Imperio.

Regresa por mar Lamidoras, con moitos perigos nos que se inclúe o se Sirte e Carida, que incomodara Ulieses. Moitas veces foi *cercado das terribéis ondas*. Até que chegou ao seguro porto de Morgadán, *hoxe en día chamado Padrón* e ao secreto pazo no que hoxe é a *rocha de Padrón*. Alí está Irena coas súas donas de *escura librea*. Están no templo de Vesta, que é a Castidade, e da súa contraria a *Deusa de amores*. A infanta Irena ordenada de obrar dúas sepulturas, feitas de catro *virtuosas pedras*, para os corpos gloriosos dos amadores. Puxo ali unhas armas coa onza *en campo anil ou azul*, que son as de Lira. E mailas armas de Mondoya. Na esquerda, puxo os misteriosos tres bastidores, dos cales saía un escrito en termos de sabedoría das estrelas e dos astros en honor de Ardanlier e de Liesa, os dous amadores. Na primeira sepultura foi depositado Ardanlier e nun retrete adxunto, o foi Lamidoras cando lle chegou a hora. A segunda sepultura foi para Liesa e, no túnel que conducía

ao sartego de Liesa, enterraron Irena. Entón o pazo foi encantado. Ninguén que non fose leal amador podería pasar alén dos albergues fúnebres de Lamidoras e Irena. Os graus de amador eran outorgados polo *firme padrón*. Ninguén podía atinxir nin a primeira nin a segunda sepultura, e chegaban reis, príncipes e donas de Asia, de África, de Europa. Viñan *en proba de aventura máis só tristura e afán levaban* ao non lograren triunfar no paso.

Transcorridos moitos anos, presentouse aló Macías, o cal nacera nas abas daquela mesma montaña. Despois de graves perigos, contrastes, reveses, conquiro Macías o primeiro aloxamento sepulcral e pasa francamente ao segundo. Apelidando *Vulcán*, Macías sofía por tocar o Padrón, e pasou polo cárcere. Entón cesou o encanto e a *secreta cámara* foi concedida.

Por iso o rei dispensoulle a Macías a mercede do porto de Morgadán, chamado Padrón a causa do padrón encantado, que é garda principal dos sartegos. Perpetuouse o templo naquela cidade que foi poboada por cabaleiros andantes que viñeran, en perigosa demanda, ao pazo encantado. Estes armaban as súas tendas arredor da esquiwa *rocha* que hoxe en día xa é chamada *Rocha Branca*. O pazo e os sepulcros ábrense por marabilla o 1º de maio, o 25 de xullo e o 23 de agosto. Neses días o Alto Cupido outórgalle, aos que aman, a Grande Perdoanza en memoria de Ardanlier, de Liesa e de Irena.

E así se foi facendo un vilar que chegou a ser grande cidade. Contra a porta chamada de Morgadán que é onde comeza a selva, está a Fonte dos Azores. Os miñatos, gaviáns, falcóns, azores de Ardanlier, ao este morrer, liberáronse e visitan os sartegos dúas veces ao día. Logo as aves veñen do mar beberen auga da Fonte como soían en vida daquel que as tanto amaba. As aves cazadoras de Ardanlier fixéranse ceibes nas selvas chamadas hoxe en día de Naia e máis nas arboredas de Miraflores, pero nunca se cebaban con galiñas, galos e faisáns que fosen criados no pazo secreto dos amadores.

En canto aos cabalos destreiros, égoas, palafrés, facos, que pacían nos verxeis do pazo e eran montados moi ben por Ardanlier e Liesa e máis polas súas compañías, estes fixéronse bravos. De modo que hoxe áchanse cabalos salvaxes daquela raza nos montes de Teairo, de Miranda e de Buxán.

Logo está aquela *flor* dos cans da Pequena Franza, que eran os trece cans de Ardanlier. Hai quen di que os trece cans foron cercar os sartegos de Ardanlier e Liesa. Logo os cans morreron e os corpos deles volvéronse de fina pedra. Considérase que os cans recuperan a vida os días da Grande Perdoanza de Cupido en Padrón. Seguramente os sotís xeométricos deprenderon daquel pazo e templo a arte de afirmar as sepulturas dos grandes señores sobre animais e a construír as apartadas capelas de ouro e azul seguindo un estilo feito de *música*. Naquel pazo e templo foi tamén sepulto Macías, o Bon Gadisán, e aló tomou el grande honor, e tomárono os seus descendentes, dos cales eu son o menor e *só herdado en lealdade*.

Fin da «Historia dos dous amantes Ardanlier e Liesa»

Veleiquí, pois, unha versión galega do relato dos amores e da cruel sorte de Ardanlier e Liesa. Nela figura un pai namorado do seu fillo varón. Asasina, por ciumes, a amada deste e acaba tamén co feto que ela levaba no ventre. O fillo, horrorizado, crávase no corazón aquela espada paterna coa que se cometera o crime. Non hai traxedia tan terríbel na historia literaria. O amor incestuoso e homosexual mestúrase co odio asasino contra a muller ladra. O relato, fantasmagórico, amosa claramente o seu arraizamento localista na terra de Iria. Son identificábeis lugares e paisaxes. Unha parodia poderosamente onírica ensalza o amor venéreo e ridiculiza a peregrinación e culto ao apóstolo Santiago. Os emblemas, os rituais, os enigmas, o cosmopolitismo imperial, recóllense a lugares domésticos de Padrón e da súa Veiga. Valbuena falou de literatura do gótico flamíxero. O máis simbólico, oculto, místico e carnal dos grandes libros de cabalaría está eiquí. Vexan a homenaxe ao Amadís e aos rituais do Arco dos Leais Amadores. O castelo de Oriana (Oureana en galego), chamado de Miraflores, é trasplantedo a este conto que horroriza e fascina.

Deixemos intactas as cen pétalas que compoñen esta estoria nefanda que foi considerada “absceso monstruoso” que lle naceu ao *Siervo Libre de Amor*. Esquezamos o relato da orixe dos cabalos bravos da Galicia real e que eiquí aparece a única mención que coñecemos dun “cinto de castidade” en letras producidas entre nosoutros. Veñamos a unha suposición simplemente toponímica. A derradeira casa de Rosalía de Castro, e na cal morreu, leva o nome de Matanza por estar situada na aldea do mesmo nome e situada no territorio presidido pola catedral de Iria.

Permitímonos aventurar que quizais o nome da Matanza teña a súa orixe na matanza literaria que Cámara conta na noveliña de Arlandier e Liesa. Houbo matanza, ou batalla, ou mortandade histórica en Terra de Iria que non fose a perpetrada polo malvado Rei Croes de Mondoya? En todo caso, non podemos esquecer que foi Murguía quen identificou e publicou, o primeiro, o *Siervo Libre de Amor* nun Apéndice ao seu *Diccionario de Escritores Gallegos*, Compañel, Vigo, 1862.

Coñecía Murguía, portanto, o conto de Ardanlier e Liesa, seguro que Rosalía tamén sabía del. Foron, portanto, sabedores de que a casa da Matanza levaba este nome por constituír o escenario dun pavoroso sucedido que o xenio de Xohán Rodríguez de Padrón ou da Cámara converteu en rara peza de arte verbal que pode cegar o paseante literario que caira na auga sen ribeiras dese piago do Sar.

Publicamos este cuarto número da revista *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Dodro



CONCELLO DE
DODRO



CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
981 811 204

www.rosalia.gal

**FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO**